



**2ª ADDENDA AO CONTRATO-PROGRAMA DE DATA 1 DE XANEIRO DE 2014 ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061, POLA QUE SE INCREMENTA O IMPORTE MÁXIMO ESTABLECIDO PARA O ANO 2017.**

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017

**REUNIDOS**

Dunha parte, **D. Antonio Fernández-Campa García-Bernardo**, xerente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación deste, en uso das atribucións delegadas de conformidade co establecido no artigo 1, punto K) da Orde do 5 xullo de 2012 (DOG nº 139 do 20 de xullo), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde.

Doutra parte, **D. José Antonio Iglesias Vázquez**, con DNI núm. 09369390-H, Director da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (en adiante FPUSG-061), actuando en nome e representación desta, resultando as súas facultades xenéricas da escritura de poder outorgada ao seu favor o 23 de outubro de 2009 perante o notario de Santiago de Compostela, D. Álvaro Moure Goyanes co nº 1.463 do seu protocolo.

Ambas as partes recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar o presente documento e para o efecto

**EXPOÑEN:**

1. O 1 de xaneiro de 2014 asinouse o contrato-programa entre o Servizo Galego de Saúde e a F.P.U.Sanitarias de Galicia-061 no que se establecen as bases da coordinación e prestación de servizos sanitarios urxentes por parte da Fundación, de conformidade cos criterios de planificación do Servizo Galego de Saúde e coas necesidades dos usuarios.
2. O 30 de decembro de 2016 asinouse o acordo de prórroga para o ano 2017 e para os efectos previstos na cláusula sexta do contrato-programa, o Servizo Galego de Saúde contribuirá no financiamento do servizo público sanitario xestionado pola Fundación nas condicións previstas no contrato-programa cunha achega





3. Trala aprobación e publicación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 aparece o financiamento do servizo público sanitario xestionado pola Fundación nas condicións previstas no contrato-programa cunha achega de 44.317.511€ na aplicación orzamentaria 5001 412A 44312 e 3.195.000€ na aplicación orzamentaria 5001 412A 74312.
4. De acordo co anterior, faise necesario incrementar o importe máximo previsto para o ano 2017 no citado contrato-programa.

Polo que ambas partes acordan subscribir a presente addenda con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira

Incrementar o importe establecido inicialmente para o financiamento da actividade a desenvolver pola FPUSG-061 durante o ano 2017 en 1.716.162,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 5001 412A 443.12 e 700.000,00€ na aplicación orzamentaria 5001 412A 74312.

### Segunda

Como consecuencia o importe máximo da actividade a realizar pola fundación no para o ano 2017 será de **44.317.511€** na aplicación orzamentaria 5001 412A 44312 e **3.195.000€** na aplicación orzamentaria 5001 412A 74312.

Polo Servizo Galego de Saúde



Antonio Fernández-Campa García-Bernardo



Pola Fundación Pública Urgencias  
Sanitarias de Galicia -061

José Antonio Iglesias Vázquez

